



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
SANTO ESTEVO DE NEGROS
4 DE NOVEMBRO DE 2013

ORDE DO DÍA

1.- Orzamentos participativos

No Centro Cultural de Santo Estevo de Negros, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, do día catro de novembro de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Manuel Amoedo Otero, representante do PS de G – PSOE
- Agustín González, representante do BNG
- Esteban Parada Díaz, representante de AER
- Carmen Rodríguez Álvarez, representante das asociacións veciñais
- José Manuel Pérez Alonso, representante das asociacións culturais
- Juan José Cabaleiro Balado, representante da comunidade de montes
- Emilio Antón Otero, representante das asociacións culturais
- Gerardo Pazos Cabaleiro, representante das asociacións culturais
- Ángeles Pazos Cabaleiro, representante das asociacións de mulleres

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JULIO CARLOS ALONSO MONTEAGUDO, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Santo Estevo de Negros convocada para o día de hoxe.

1.- Orzamentos participativos

O Presidente informa que sobre o investimento dos orzamentos participativos na zona do Centro Cultural de Santo Estevo o primeiro que fixo foi tratar o asunto co técnico do Concello (Aparellador Municipal) para localizar o proxecto e non se atopou ningún, nin sequera no arquivo municipal. O técnico municipal dixo que a única actuación que se pode facer nesa contorna é o muro xa que está en terreo municipal, porque para calquera outro investimento fai falla un proxecto e non habería tempo para realizalo. Asemade a instalación de puntos de luz nas pistas deportivas non se pode realizar porque éstas non están en terreo municipal.



CONCELLO DE REDONDELA

Carmen Rodríguez Álvarez di que pensando no día de mañán habería de facer o muro de tal xeito que quedara espazo dispoñible para a construción dun almacén ou calquera outra edificación que se poidera necesitar.

Gerardo Pazos Cabaleiro di que o máis interesante sería facer o muro, pero deixando espazo para que se poida facer un almacén.

Emilio Antón Otero di que sería o máis interesante que se faga o muro, pero deixando ese espazo porque tamén se necesitan uns vestiarios.

Esteban Parada Díaz pregunta quen propuxo facer o muro.

O Presidente di que foi o propio Aparellador Municipal, que ante a decisión da actuación na contorna do Centro Cultural propuxo como investimento posible debido á premura do tempo a realización do muro, por iso se trae este punto para que se decida no Consello Parroquial.

Carmen Rodríguez Álvarez di que hai que pensar ben como se fai o muro para que o día de mañán non haxa que tirar o que estea construído.

Agustín González di que habería que traer desenvolvida a segunda actuación da iluminación no Camiño do Sapal para saber canto custa cada punto de luz e se non se pode facer a actuación do Centro Cultural pasar ao segundo punto ou se sobran cartos investir no punto seguinte.

Juan José Cabaleiro Balado pregunta porque se enfoca a actuación en terro do Concello.

O Presidente di que os cartos se teñen que investir en actuacións de propiedade municipal, porque se non hai que pedir permisos e non se podería realizar o investimento neste ano.

Juan José Cabaleiro Balado informa que a pista para a que se solicita a iluminación está en terreo veciñal.

O Presidente di que vai preguntar polo trámite a seguir no caso de que sexan de propiedade veciñal.



CONCELLO DE REDONDELA

Manuel Amoedo Otero di que existen documentos que ten a Asociación de Veciños que xustifican a titularidade deses terreos. Non entende porque non se pode realizar a obra para a que se acordou investir os cartos se así o aprobou a veciñanza no Consello Parroquial.

Esteban Parada Díaz di que é unha pena non dispor dun proxecto para facer a actuación da contorna do Centro Cultural. Que debería existir un proxecto no que se integre o muro e se podería encargar ese proxecto para abordar esa actuación cunha base.

Agustín González di que o problema é que se perderían os cartos da partida este ano.

Manuel Amoedo Otero di que non está de acordo con ese muro que o que sube é máis necesario e leva varios anos solicitándoo nas assembleas. A contestación que obtivo era que o Concello non tiña cartos e agora que os ten non se invisten aí.

Emilio Antón Otero di que o que reclamaba a construción do muro que sube só era él.

O Presidente di que o máis rápido de facer é o muro. En canto a iluminación nas pistas require permisos ou trámites que poden non dar tempo a realizar o investimento antes do 31 de decembro. De todos os xeitos preguntábase no Concello cal sería o trámite a realizar para poder facer a instalación dos puntos de luz nas pistas.

Por unanimidade das/os membros presentes no Consello Parroquial de Santo Estevo de Negros acórdase realizar os seguintes investimentos dos orzamentos participativos na orde que se indica:

Primeiro.- Realizar o muro na contorna do Centro Cultural e instalar puntos de luz nas pistas.

Segundo.- Realizar a valoración da iluminación no Camiño do Sapal.

Terceiro.- Parque de maiores

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.